

DiariodeFerrol.com

O Real Coro Toxos e Froles celebra o II Concurso de Cuartetos Tradicionais

Redacción Ferrol - Actualizado 20 Febrero 2013 - 02:00 h.



imaxe dunha das actuaciónes da pasada edición do certame musical jorge meis

Por segundo ano consecutivo, o Real Coro “Toxos e Froles” organiza o seu Concurso de Cuartetos, con instrumentos tradicionais galegos. A final do certame terá lugar o próximo sábado, 23 de febreiro, ás 20.30 horas, na sede do Real Coro (Magdalena, 220) e está dotado dun premio único de 1.200 euros.

Por segundo ano consecutivo, o Real Coro “Toxos e Froles” organiza o seu Concurso de Cuartetos, con instrumentos tradicionais galegos. A final do certame terá lugar o próximo sábado, 23 de febreiro, ás 20.30 horas, na sede do Real Coro (Magdalena, 220) e está dotado dun premio único de 1.200 euros.

As formacións seleccionadas para esta cita son Xente Nova, de Ferrol; Vedoira, de Lugo; Os Picurruchos, de Lugo, e Angaso, de Ourense. Mentres delibera o xurado actuará o grupo de cantareiras Algarabía, pertencente á asociación de veciños de Lago, en Valdoviño.

Este concurso será a segunda proposta cultural e musical que se desenvolve dentro das Xornadas Culturais Abertas postas en marcha polo Toxos e Froles durante o presente 2013 e que terá continuidade ao longo deste ano. Así, o próximo 23 de marzo actuará na sede da entidade ferrolá o cantareiro e percusionista Davide Salvado, co seu novidoso xeito de entender e representar a música tradicional. A continuación, unha das grandes atraccións da temporada celebrarase o 27 de abril, data na que estará un dos máis ilustres representantes da música tradicional peninsular, o vasco Kepa Junquera, así como o prestixioso grupo castelán La Musgaña. A entrada aos concertos é

libre.

aniversario e irmanamento

O próximo 1 de xuño o Real Coro Toxos e Froles celebrará o seu 98 aniversario nun acto que se levará a cabo no teatro Jofre. Ademais da case centenaria institución ferrolá, actuarán nesa xornada Cántigas da Terra, da Coruña, e o Rancho de Rendilheiras da Praça, de Vila do Conde, localidade lusa irmanada con Ferrol.

De feito, o citado acto tamén servirá para conmemorar os primeiros 40 anos de irmanamento entre a localidade galega e a portuguesa.

Puede ver esta noticia en www.diariodeferrol.com: <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/o-real-coro-toxos-e-froles-celebra-o-ii-concurso-de-cuartetos-tradicionais/20130219224300033922.html>

© 2005-2011 Diario digital Diario de Ferrol
Queda prohibida la reproducción total o parcial. Todos los derechos reservados.